



## PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS (alumnos de E.S.O.) – CURSO 2020/21

- **PUBLICACIÓN no DOG** do 19 de maio:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201113/AnuncioG0598-061120-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201113/AnuncioG0598-061120-0002_gl.pdf)

- **PRAZO de presentación solicitudes:** ata o 27 de novembro de 2020 (incluído)

- **DESTINATARIOS:**

- **os alumnos que foron beneficiarios do cheque para material escolar**, non terán que presentar solicitude, adxudicaráselles directamente, quedando excluídos os que só obtiveron libros do fondo xa que os seus ingresos son superiores a 6000€,
  
- **Os alumnos que non solicitaron a axuda dos libros no seu momento**, poderán facelo se cumpren os seguintes requisitos:
  - Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6000 € (renda 2018: sumar casiñas 432 e 460 e dividir entre o número de membros da unidade familiar, computarán por dous os membros con discapacidade igual ou superior ao 33%).
  - Alumnos suxeitos a tutela ou garda da Xunta de Galicia
  - Alumnos con discapacidade igual ou superior ao 65% con independencia a renda da unidade familiar.

- **LUGAR DE PRESENTACIÓN:**

As solicitudes presentaranse **no centro educativo**, para poder ser atendidos é necesaria unha cita previa que se pode obter no teléfono **982870407**.

- **DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

- 1.- Copia do libro de familia

En caso de separación ou divorcio, ademais: sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a **custodia** do menor



Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios: Certificado ou volante de convivencia, ou Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia

### Nos casos especiais:

- 2.- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que **non** pertenza á Xunta de Galicia.
- 3.- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar
- 4.- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- 5.- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.